



**fondo  
galego**

de cooperación  
e solidariedade

**MEMORIA  
2008**

## **Memoria 2008**

Fotografía de portada: Fondo Galego

Edita: Secretaría do Fondo Galego de  
Cooperación e Solidariedade (IGADI)

Sede do Fondo Galego: FEGAMP- Área Central  
Rúa Varsovia, 4C – 6ª  
15703 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981-555-999  
Fax: 981-565-203  
IGADI

Secretaría do Fondo Galego: Avenida Joselín, 7 – Portal 3 -4ºB  
36300 Baiona (Pontevedra)  
Tfno. / Fax: 986-357-238  
Páxina en rede: [www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org)  
Enderezo electrónico: [info@igadi.org](mailto:info@igadi.org)

Impresión: Impresión: Gráficas Feito S. L.  
Deseño gráfico: Breogán Xuncal Pereira  
Depósito legal: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX



0. Editorial	5
1. Tecido asociativo	6
• Benvida aos novos concellos socios	7
• Radiografía dos socios	7
• Relación de poboación e concellos socios por provincia	8
• Evolución no número de socios (concellos e deputacións) do Fondo Galego	8
• Vida asociativa	8
2. Proxectos de cooperación	10
• <b>Zona xeográfica:</b> América Latina e Caribe	11
• <b>Zona xeográfica:</b> África	14
• <b>Zona xeográfica:</b> Oriente Medio	15
3. Proxectos de sensibilización	16
• Vacacións con Traballo	17
• Rede Municipalista Solidaria	20
• Visitas ao Norte: Nicaragua	21
• Visitas ao Sur: Perú	22
• <b>Misións no Exterior:</b>	
- <b>Mozambique</b>	23
- <b>Nicaragua</b>	24
• Teatro con Fondo	25
• Cursos de Cooperación e Desenvolvemento	25
4. Axuda de emerxencia	26
5. Publicacións	28
6. Balance económico	30
7. Axenda 2008	32
8. Outras novas	36

# Editorial



No ano 2008, iniciouse a implementación do primeiro programa bianual de sensibilización, que continuará durante 2009. Superábase así unha perspectiva anual ata agora incontornable, o que nos permitía deseñar e desenvolver accións de maior calado e eficacia, entre as que destaca de modo sobranceiro, polo seu carácter innovador, a preparación dunha ambiciosa obra de teatro, que comezará a ser representada durante o ano 2009 por toda Galicia e que, con toda certeza, constituirá unha magnífica ferramenta transmisora de valores e ideas promotoras de sensibilidade en relación ás situacións de desigualdade no mundo.

Do lado da cooperación, o Fondo Galego continuou a desenvolver o seu labor en países como Cabo Verde, Cuba, Nicaragua ou Perú, afianzando os lazos que nos unen a estes países, aproveitando a xa notable experiencia de traballo nos seus territorios, colaborando estreitamente con eles a fin de estimular o seu desenvolvemento endóxico, mais tamén aprendendo, enriquecéndonos nós enormemente grazas a ese contacto. A cooperación é sempre unha corrente de dous sentidos.

No ano 2008 foi creada a Comisión de Cidades e Deputacións, o COCIDE, dando así cumprimento ás previsións recollidas no documento Estratexias 2007-2011. Trátase dun organismo que pretende dar resposta ás singularidades destas entidades, marcadamente diferentes do resto de asociados do punto de vista demográfico e dos recursos, pulando, en colaboración con outras entidades, por desenvolver iniciativas máis ambiciosas e que, por primeira vez, nos han permitir completar o ciclo do proxecto e abrir novas oportunidades de implicación no terreo ao persoal local. A posta en marcha do COCIDE permite, ademais, consolidar un modelo que acentúa a capacidade de coordinación do mundo local galego en materia de financiamento de proxectos, abordando dende o espazo municipal unhas políticas de sensibilización que agora contan tamén cunha proposta de bases plenamente homologada.

A implicación de todas e todos nós servirá para que sigamos crescendo; e non só nós, tamén aqueles aos que tratamos de aportar algo. Xuntos conseguiremos aumentar a nosa capacidade de intervención e que así diminúan a pobreza e as desigualdades.

---

Alfredo Novoa,  
presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

# Tecido asociativo

No ano 2008, seis concellos adheríronse ao Fondo Galego, amais da Deputación de Lugo. Desexamos transmitirles unha calorosa benvida e o maior ánimo posible para que xuntos poidamos seguir traballando por unha cooperación descentralizada o máis frutífera posible. Grazas a estas novas adhesións, o tecido asociativo do Fondo Galego componse de 107 socios: 103 concellos e as catro deputacións.

## | **Benvida aos novos concellos socios**

Galicia segue a ser unha comunidade na que a expansión demográfica separa núcleos de poboación e obriga a establecer relacións entre entidades bastante separadas. Con todo, parte destas distancias son corrixidas por medio do Fondo Galego, que serve de ponte entre a comunidade galega e aquelas comunidades máis desfavorecidas no exterior, á vez que logra unificar os concellos e deputacións de Galicia nunha mesma empresa: a sensibilización e a organización de proxectos e estratexias de cara a conseguir un mundo máis xusto e solidario.

Concellos	Data de adhesión plenaria
Pontearreas	29/01/2008
Teo	30/01/2008
Xove	12/05/2008
Melide	03/06/2008
Riotorto	07/08/2008
Ramirás	17/11/2008


Deputación	Data de adhesión plenaria
Deputación de Lugo	01/04/2008

## | **Radiografía dos socios**

Nestes gráficos amósanse as porcentaxes de socios que forman parte do Fondo Galego, divididos por provincias.

Provincia	Concellos	Socios	Porcentaxe de socios
A Coruña	94	37	36,36
Lugo	67	14	20,89
Ourense	92	21	22,82
Pontevedra	62	31	50
Total	315	103	32,69


### Concellos en relación ao total por provincias



Provincia	Socias
A Coruña	si
Lugo	si
Ourense	si
Pontevedra	si

## | Relación de poboación e concellos socios por provincia

Provincia	Poboación en todos os concellos	Pob. nos concellos socios	Porcentaxe poboación socios
A Coruña	1.139.121	871.700	76,52
Lugo	355.549	181.168	50,95
Ourense	336.099	175.905	52,33
Pontevedra	953.400	766.315	80,37
Total	2.484.169	1.995.088	80,31



## | Evolución no número de socios (concellos e deputacións) do Fondo Galego

Ano	Socios
1997	10
1998	28
1999	37
2000	47
2001	54
2002	58
2003	60
2004	67
2005	83
2006	95
2007	102
2008	107

## | Vida asociativa

A Asemblea Xeral, órgano soberano do Fondo Galego, reúne aos representantes políticos de todos os concellos e deputacións socias. Constitúe o foro fundamental en que todas as entidades que conforman o Fondo Galego poden opinar e decidir sobre o devir da asociación. A

Responsabilidade dentro do Fondo Galego	Concello / Deputación
Presidencia	C. de Oleiros
Vicepresidencia	C. de Ferrol
Secretaría	IGADI
Tesourería	C. de Baiona
Vogalía 1 (Socios)	D. de Ourense
Vogalía 2 (Convocatorias e Proxectos)	C. de Vigo
Vogalía 3 (Comunicación)	C. de Allariz
Vogalía 4 (Relación con ONGD's e actores)	C. de Lugo
Vogalía 5 (Sensibilización e Formación)	C. de Viveiro





reunión correspondente ao ano 2008 terá lugar, na sede da FEGAMP, en Santiago de Compostela, durante o primeiro trimestre de 2009.

A Comisión Executiva, órgano de goberno e de administración da Asociación, está integrada polos socios

que ostentan os cargos de presidencia, vicepresidencia, secretaría, tesourería e as cinco vogalías. Reúnese mensualmente para operativizar o traballo. En 2008, esta foi a súa configuración:

<i>Nome da persoa responsable</i>	<i>Partido político</i>	<i>Enderezo electrónico</i>
Alfredo Novoa Gil	Alternativa dos Veciños Indep.	anovoagil@yahoo.es
Beatriz Sestayo Doce	PSOE	bsestayo@ferrol.es
Xulio Ríos Paredes		igadi@arrakis.es
M <sup>a</sup> de los Ángeles Silva González	PP	angelessilva6@hotmail.com
Enrique Novoa	PP	europa@depourense.es
María Méndez	BNG	maria.mendez@vigo.org
Pilar Gallego	BNG	educación@allariz.com
Carmen Basadre Vázquez	PSOE	cbasadre@concellodelugo.org
Isabel Rodríguez	PSOE	isarodlop@yahoo.es



# Proyectos de cooperación

## | Zona xeográfica: América Latina e Caribe

**País:** Cuba

**Actuación:** Mellora da calidade de vida dos residentes do centro histórico de Santiago de Cuba a través da mellora nas condicións de habitabilidade en 78 vivendas (2007-2009).

**Parceiro:** Oficina del Conservador de Santiago de Cuba

**Orzamento:** 104.412,00 €

**Achega do Fondo Galego:** 13.500,00 €

**Achega da DXCE:** 90.912,00 €



Cuba Interior dunha casa do casco antigo de Santiago de Cuba

Cuba Exterior dunha casa do casco antigo de Santiago de Cuba





**País:** Nicaragua

**Actuación:** Redución da incidencia do mal de chagas (parásito tropical) e das condicións de amoreamento familiar da poboación indíxena chorotega a través da autoconstrución de vivendas.

**Parceiro:** INPRHU-Somoto

**Orzamento:** 185.055,31 €


**Achega da Consellería de Vivenda e Solo:**

110.386,74 €

**Outras achegas:** 74.668,57 €



Exterior dunha casa



Proxecto de vivenda rural



Exterior dunha casa



**País:** Perú


**Actuación:** Reconstrución de dúas aulas no colexio Carlos Pedro Silva Luyo, en Cañete, na zona sur da rexión de Lima, nunha das zonas máis devastadas polo terremoto de 2007.

**Parceiro:** Tierra de Niños

**Orzamento:** 23.316,36 €

**Achega do Fondo Galego:** 11.316,36 €

**Achega do Concello de A Coruña:** 12.000,00 €



Placa conmemorativa da inauguración dunha aula



Inauguración dunha das aulas





**País:** Uruguai.

**Actuación:** Mellora das condicións de vida da poboación cartoeira de Montevideo, a través da autoconstrución de vivendas nos asentamentos de La Vereda e Pasos de Las Duranas

**Parceiro:** Intendencia Municipal de Montevideo

**Orzamento:** 250.000,00 €

**Achega da Consellería de Vivenda e Solo:** 250.000,00 €



Reunión de veciños en La Vereda

## | Zona xeográfica: África

**País:** Cabo Verde

**Actuación:** Integración da perspectiva de xénero nos mecanismos de planificación, execución, seguimento e avaliación das políticas públicas locais; así como elaboración de catro plans locais de Igualdade e Equidade de Xénero.

**Parceiro:** ICIEG

**Orzamento:** 76.586,08 €

**Achega do Fondo Galego:** 19.984,00 €

**Achega de varios concellos:** 42.000,00 €

**Outras achegas:** 14.602,08 €



Presentación da placa co novo logotipo do ICIEG

Traballo na obra de construción de La Vereda



**País:** Cabo Verde

**Actuación:** Mellora do estado sanitario das familias residentes no Barrio de Ponte d'Auga, Praia, a través da conexión domiciliaria das casas a partir da rede de abastecemento existente.

**Parceiro:** CITI-HABITAT

**Orzamento:** 154.724,00 €

**Achega do Fondo Galego:** 6.000,00 €

**Achega da DXCE:** 117.000,00 €

**Outras achegas:** 31.724,00 €



## | Zona xeográfica: *Oriente Medio*

**País:** Siria (campo de refuxiados de Neirab)

**Actuación:** Reconstrución de vivendas e conexión de auga domiciliaria no campo de refuxiados Neirab.

**Parceiro:** UNRWA

**Orzamento:** 55.000,00 €

**Achega do Fondo Galego:** 5.000,00 €

**Achega da Consellería de Vivenda e Solo:**  
50.000,00 €

Imaxe da UNRWA  
no campo de  
refuxiados de Neirab



# Proyectos de sensibilización



## | Vacacións con Traballo

O programa “Vacacións con Traballo” naceu coa intención de intercambiar coñecementos entre profesionais galegos e aquelas entidades parceiras do Fondo Galego nos países colaboradores. O apoio baseouse nas necesidades e características propias dos países de acollida, unificando ideas, contidos e accións para así tamén dinamizar a cooperación entre os municipios e lograr unha maior implicación.

O traballo desenvolveuse en tres dos países nos que o Fondo Galego mantén proxectos de colaboración:

- Cabo Verde: Tratouse de reforzar a capacidade do ICIEG (Instituto Caboverdiano de Equidade e Xénero) no desenvolvemento de accións en materia de igualdade de oportunidades no mundo laboral para as mulleres, logrando así a execución e implementación de accións específicas que sensibilicen e transformen a práctica empresarial e promovan unha democracia paritaria e de participación.



| Vista xeral

Poboación local |



Taller de capacitación |

- Nicaragua: Tomouse contacto coas liñas básicas de xestión de proxectos que promove INPRHU: promover a igualdade de oportunidades sociais e a participación cidadá, implementar

os programas de capacitación, aumentar os programas de investigación e educación, e tamén estudar a previsión de accións que contribúan a mitigar desastres naturais.



Clases de danza



Clases de educación sexual

- Perú: Promoveuse a identidade e emprego xuvenil a través da “Ruta de Turismo Solidario” construída pola ONG “Tierra de Niños”. Amais de comprobar o labor

realizado dentro da ruta turística, visitáronse os programas que incorporan o seu traballo artesanal en dita ruta, así como dous gobernos locais e seis institucións educativas.



Traballo e ocio no programa “Vacacións con Traballo”

Entrega de material escolar







Taller para voluntarios



Turismo Solidario,  
en Pachacámac

<i>País</i>	<i>Parceiro</i>	<i>Representante galega</i>	<i>Concello ou Deputación da representante e a súa responsabilidade</i>	<i>Data da estadía</i>
Cabo Verde	ICIEG	Inmaculada Diego Covelo	Concello de Nigrán, técnica en Inmigración e Benestar Social	17/09/2008 – 18/10/2008
Nicaragua	INPRHU-Somoto	Susana Maceiras Pérez	Deputación de Lugo, responsable asesora do departamento de Benestar Social, Xuventude e Igualdade	01/10/2008 – 31/10-2008
Perú	Tierra de Niños	M <sup>a</sup> Jesús Gutiérrez Candame	Concello de A Coruña, técnica de Servizos Sociais	02/10/2008 – 31-10-2008

**NOTA**

Na convocatoria 2008 do programa incluíase unha estadía en Santiago de Cuba. Non obstante, a persoa seleccionada, unha vez en Cuba, decidiu non continuar co programa ata o final. Esa renuncia, pese aos intentos do Fondo Galego por evitala, é a primeira que se produce en toda a experiencia da iniciativa Vacacións con Traballo. Confiamos en que a madurez e solvencia do programa e das persoas e entidades que participamos nel poidan evitar no futuro estes episodios.

## | Rede Municipalista Solidaria

A Rede Municipalista Solidaria naceu en 2004 como unha nova canle de encontro entre as socias e os socios do Fondo Galego, co compromiso de realizar varias xuntanzas anuais, para dar conta do funcionamento do traballo desenvolvido dende a Secretaría. En 2008 celebráronse dúas convocatorias. As reunións da Rede teñen como

obxectivo valorar o traballo desenvolvido, así como dalo a coñecer e poñer en común ideas, para o seu debate e a súa posible mellora. Neste sentido, na segunda convocatoria anual entregáronse enquisas para intentar afianzar os eidos máis desenvolvidos así como para tratar de cambiar e mellorar naqueles ámbitos máis febles. Os seus resultados foron divulgados a través do boletín Infórmate a Fondo, número 106.

### Primeira convocatoria

Cronograma	Área 1	Área 2	Área 3	Área 4	Área 5	Área 6	Área 7
Data	29 Maio	13 Xuño	6 Xuño	4 Xuño	12 Xuño	20 Xuño	30 Maio
Lugar	Vigo	Caldas de Reis	Santiago	A Coruña	Narón	Lugo	Ourense
Porcentaxe de asistencia	47%	62%	62%	46%	67%	40%	33%

### Segunda convocatoria

Cronograma	Área 1	Área 2	Área 3	Área 4	Área 5	Área 6	Área 7
Data	17 Nov.	20 Nov.	21 Nov.	28 Nov.	28 Nov.	1 Dec.	17 Nov.
Lugar	Mos	Poio	Boiro	Betanzos	Ferrol	Lugo	Allariz
Porcentaxe de asistencia	21%	31%	50%	43%	11%	40%	19%

Xuntanza da RMS,  
en Santiago, 6 de Xuño



Xuntanza da RMS,  
en Mos, 17 de Novembro



## | *Visitas ao Norte: Nicaragua*

Rosario Cáceres Leyva, responsable do programa de Educación Alternativa Rural de INPRHU-Somoto, e Nelys Reyes Gutiérrez, graduada do Centro Educativo de Alternativa Rural, visitaron Galicia entre 15 e o 23 de novembro, para achegarnos a realidade do seu país e explicarnos o traballo que está a desenvolver INPRHU (Instituto de Promoción Humana), en Nicaragua.

Durante os dez días que durou a visita, as representantes de INPRHU mantiveron reunións con representantes dos concellos de Mos, Ferrol, Allariz, Baiona, Poio e Vigo. Así mesmo, expuxeron as súas inquedanzas e proxectos en encontros con Encarna Otero, directora xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, e Fabiola Sotelo, directora xeral de Cooperación Exterior; e tiveron a oportunidade de ofrecer diversas charlas: no colexio San Xosé da Guía e na Casa Galega da Cultura, en Vigo, participando igualmente nun dos cursos da Mestría en Cooperación Internacional e Voluntariado da USC.



Charla no colexio A Guía, de Vigo |



Paseo pola Alameda compostelá |



Presentación na Mestría en Cooperación da USC |



## | *Visitas ao Sur: Perú*



Pachacámac, finca dentro do proxecto de turismo solidario

Neste ano, catro representantes do Fondo Galego visitaron Perú. Alfredo Novoa Gil, presidente, Ángeles Silva, tesoureira, Isabel Rodríguez, vogal, e Moncho Iglesias, técnico de sensibilización, estiveron no país andino entre o 26 de novembro e o 3 de decembro. A estadía serviu para entrar en contacto directo coa realidade do país e coñecer mellor o traballo realizado pola ONGD Tierra de Niños, parceira local do Fondo Galego, prestando especial atención aos proxectos realizados con esta organización.

Unha das primeiras visitas foi a Casa Blanca, en Pachacámac, unha finca de produción, investigación e capacitación en agricultura ecolóxica e agroecoturismo, onde se promove o aproveitamento da natureza para conseguir colleitas naturais; un proxecto que é obxecto de estudo nas universidades peruanas. Ese mesmo día visitouse o museo de Sitio e a zona arqueolóxica de Pachacámac, parte da ruta de turismo solidario que apoia economicamente o Fondo Galego. Tras esta excursión, a representación do Fondo Galego desprazouse ás

instalacións do Centro Cultural de Pachacámac, unha organización xuvenil onde se imparten clases de diferentes materias, amais de potenciar actividades complementarias para achegar a cultura ás zonas máis afastadas do centro.

O protagonismo social de adolescentes e mozos foi o motivo para acudir ao “Primeiro Encontro Rexional de Adolescentes e Mozos a través da Arte e a Cultura”. Nesta xuntanza con rapaces peruanos e bolivianos falouse da importancia da comunicación e do respecto entre pais e fillos. Despois desta visita acudiuse ao asentamento humano de Villa El Salvador, onde se puideron apreciar os traballos de construción e habitabilidade de vivendas. Ao mesmo tempo, no centro xuvenil Cijac (Casa infantil y juvenil de arte y cultura) asistíuse a unha representación musical e circense na que participaron rapaces da comarca. Así mesmo, noutras actividades destinadas aos máis pequenos, inauguráronse dúas aulas no centro escolar Carlos Pedro Silva Luyo, situado nunha das zonas máis afectadas polo terremoto de 2007.





Nenas e nenos do asentamento de Villa El Salvador

## Misións no exterior

### Mozambique

O Fondo Galego realizou a primeira misión de identificación a Mozambique entre o 19 de novembro e o 1 de decembro. Avánzase, deste modo na intención de fechar o ciclo do proxecto, tal como establece o documento Estratexias 2007-2011.

Nas semanas de traballo no terreo, houbo reunións con actores estratéxicos a nivel local, nacional e internacional, como co Consello Municipal de Xai Xai (Gaza) e Matola (Maputo), coa Dirección Nacional de Desenvolvemento Rural (Ministerio de Planificación e Desenvolvemento), coa Oficina Técnica de Cooperación Española (AECID) e co Programa ART-PAPDEL (PNUD). Ao mesmo tempo, realizáronse diversas visitas, de carácter técnico, a proxectos de desenvolvemento xa en execución, e a outros parceiros con proxectos xa programados.




Entrada do museo de sitio de Pachacámac

### Reunión técnica en Mozambique



Presentación teatral a cargo de nenas e nenos do Cijac



Balaustrada colorida





Inauguración dunha casa |

## Nicaragua

Unha do Fondo Galego participou nunha misión a Nicaragua, entre o 3 e o 17 de agosto. Os obxectivos desta misión eran avaliar e dar seguimento aos proxectos financiados durante os dez anos de intervención do Fondo Galego no país, identificar novos parceiros e proxectos de desenvolvemento, mellorar a formulación de proxectos e a súa xustificación, e afianzar as relacións e as canles de comunicación cos parceiros actuais e outros actores de interese con presenza no terreo.

Durante o tempo da misión, visitáronse 8 dos 16 proxectos executados; houbo reunións con parceiros estratéxicamente potenciais, como UCOM (Unidad de Concertación y Cooperación Municipalista) e INIFOM (Instituto Nicaragüense de Fomento Municipal); e realizáronse actividades de capacitación coas persoas encargadas de coordinar os proxectos e responsables da área de xestión económica e financeira de INPRHU.



Visita a un poboado indíxena |

## | **Teatro con Fondo**

O proxecto “Teatro con Fondo”, realizado coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, ten como finalidade unificar teatro, sensibilización e solidariedade, pondo en marcha un proceso activo no que interactúen tanto os actores como os espectadores e intentando reflectir problemáticas relacionadas coa necesidade de colaborar en proxectos de cooperación que contribúan a construír unha sociedade global máis igualitaria. O proxecto está dividido en catro fases, a primeira delas, realizada en 2008, consta dun conxunto de actividades, como a creación dun seminario de traballo permanente, integrado por profesorado, alumnado e outras persoas vinculadas ao proxecto. A segunda fase, a levar a cabo en 2009, propón a representación das obras ensaiadas durante o ano, así como a avaliación conxunta do proxecto.

## | **Cursos de Cooperación e Desenvolvemento**

Unha das novidades do ano 2008 foi a de achegar ás socias e aos socios coñecementos básicos sobre a Cooperación. Para isto, ofertáronse catro cursos, dous deles durante o ano 2008, quedando os outros dous para o 2009. Este ciclo formativo constitúe unha iniciativa con tres obxectivos fundamentais: estimular o compromiso e a implicación de socias e socios nas actividades do Fondo Galego; fortalecer os coñecementos das Administracións locais en materia de cooperación e desenvolvemento; promover unha maior coordinación entre a Secretaría Técnica e as entidades socias. As sesións tiveron lugar en distintos lugares das catro provincias galegas.



O programa dos dous primeiros cursos foi o que se detalla a continuación.

### ***-Iniciación á Cooperación Internacional I***

·Módulo 1: As relacións Norte-Sur nun mundo globalizado.

- Introdución á realidade global
- O concepto de desenvolvemento e a súa evolución histórica
- A desigualdade no acceso aos recursos das poboacións empobrecidas e as súas causas

·Módulo 2: Cooperación Internacional. Axentes

- O sistema de NNUU. Axencias máis importantes.
- Banco Mundial e FMI
- Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD)
- A política de cooperación da UE
- A cooperación dende o estado español. Marco normativo. A AECID. Programa Municipal
- A cooperación descentralizada. Formas, estruturas e mecanismos. A Cooperación Galega
- A cooperación dende as ONGD. Coordinadoras
- Outros axentes: obras sociais, RSC, empresas

### ***-Iniciación á Educación para o Desenvolvemento I***

·Módulo 1: Conceptos clave de sensibilización e educación para o desenvolvemento

- Orixe e evolución da educación para o desenvolvemento en Europa: conceptos e características
- Imaxes e percepcións do mal chamado “Terceiro Mundo”
- Marco teórico da educación para o desenvolvemento: inxustiza e desigualdade
- Sensibilización e educación para o desenvolvemento

# Axuda de Emerxencia



O ano 2008 abriuse a conta de emerxencia, en dúas ocasións, e por motivos diferentes. En primeiro lugar, os furacáns que asolaron a illa de Cuba, entre o 30 de agosto e o 9 de setembro, provocaron a perda de vidas humanas, así como graves danos materiais. As primeiras fontes manexadas calcularon que a cifra de perdas podería achegarse a preto de medio millón de casas afectadas e que se terían perdido ao redor dos cinco mil millóns de euros. A finais de ano, a crise humanitaria na Faixa de Gaza provocou a morte de preto de 1.500 persoas e obrigou a hospitalizar a unhas 6.000 máis; amais os danos materiais cuantificáronse en 22.000 edificios danados ou destruídos, coas inevitables consecuencias: problemas de hixiene, insuficiencia de alimentos e desabastecemento xeral.

En Cuba, o diñeiro achegado á conta de emerxencia, ao que se xuntou o apoio da Consellería de Vivenda e Solo, serviu para emprender un proxecto de recuperación de casas familiares danadas polos furacáns.

No caso de Gaza, no momento de elaboración desta Memoria estase a desenvolver aínda a fase de recepción de fondos, téndose xa mantido conversas coa Axencia Humanitaria de Galicia para reforzar as achegas á conta de emerxencia, habilitando así a posibilidade de implementar un proxecto de maior impacto.

Centos de persoas aglomeradas diante dunha panadería



# Publicaciones



Coa intención de dar a coñecer as actividades desenvolvidas aos socios e á sociedade, e nun compromiso firme coa transparencia da súa xestión, o Fondo Galego encárgase de distribuír diferentes publicacións ao longo do ano. O *Informe a Fondo (IAF)* e a Memoria 2007, amais do caderno sobre a actividade “Vacacións con Traballo”, foron parte destes traballos de edición, aos que deben engadirse os diferentes folletos, cartaces e dípticos sobre diversas actividades (tales como anuncios sobre as charlas que deron as dúas persoas que viñeron dende Nicaragua, folletos propagandísticos dos cursos de Cooperación e Desenvolvemento, e dípticos sobre o programa “Vacacións con Traballo”).

O *IAF* constitúe unha das publicacións básicas do Fondo Galego, posto que nesta revista recóllense todas as actividades realizadas en favor da cooperación e da solidariedade. A publicación distribúese polos concellos e deputacións dende xaneiro de 1999, contabilizando xa, ata finais de 2008, un total de 105 números.

Este ano ampliouse o material da exposición “A paz cuestión de Fondo”, que consta de 16 láminas, nas que autores galegos, do resto de España e doutros países amosan os prexuízos que operan sobre ideas como a paz, o racismo ou os conflitos sociais. Para esta exposición preparouse unha unidade didáctica orientada a proporcionar as ferramentas necesarias, tanto para o profesorado como para o alumnado, de xeito que faciliten a transmisión da idea do concepto da paz.

Xunto ás publicacións en papel, a web do Fondo Galego ([www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org)) é un instrumento divulgador de primeira orde. Neste sentido, mantívose o esforzo por garantir a súa actualización constante e frecuente, vertendo os últimos datos sobre as entidades socias, convocatorias e outras novas. Nos diferentes apartados da páxina, tentouse ampliar o uso do álbum fotográfico, actualizando eventos e actividades.

Lámina da exposición “A paz cuestión de Fondo”



# Balanço

## GASTOS

Traballos realizados por outras entidades (607)		116.716,95 €
Gastos de administración e secretaría do FONDO	81.421,11 €	
Gastos de persoal, programa de sensibilización	35.295,84 €	
Servizos profesionais independentes (623)		7.425,93 €
Asesoría	1.578,96 €	
Outros profesionais	5.846,97 €	
Servizos bancarios e similares (626)		4.530,09 €
Comisións cobro recibos, mantemento.....	4.530,09 €	
Publicidade, propaganda e relacións públicas (627)		1.865,57 €
Publicidade, propaganda e relación públicas	1.865,57 €	
Outros gastos (629)		63.996,73 €
Aportacións á confederación de fondos	4.067,60 €	
Gastos de materiais	1.039,98 €	
Gastos trípticos e impresións	7.280,26 €	
Gastos de desprazamentos	20.130,22 €	
Gastos correos e mensaxería	400,05 €	
Outros gastos	31.078,62 €	
Axudas monetarias a proxectos e entidades. Cooperación Indirecta (651)		816.961,04 €
Gastos emerxencia Terremoto China	5.000,00 €	
Prox. Cuba 1/2008	104.412,00 €	
Prox. Cuba 2/2008	65.000,00 €	
Prox. Inm 08	250.000,00 €	
Prox. Inprhu CVS	105.385,74 €	
Prox. Inprhu CVIGO	58.148,74 €	
Prox. TDN PERÚ	23.316,36 €	
Prox. ICIEG CV	38.698,20 €	
Prox. UNRWA PAL	50.000,00 €	
Prox. CABO VERDE DXCE 2008	117.000,00 €	
Gastos financeiros (669)		1.508,41 €
Gastos aval bancario, xuros e outros	1.508,41 €	
Gastos Extraordinarios (678)		10.131,33 €
Gastos extraordinarios	10.131,33 €	
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>1.023.136,05 €</b>

## INGRESOS

Cotas de afiliados (721)	169.944,26 €	
Cotas de socios (*)		899.907,74 €
Subvencións para Cooperación Directa (725)	64.000,00 €	
Subv. Concello de Vigo - Nicaragua, Mozambique	9.000,00 €	
Subv. Concello A Coruña - Peru	12.000,00 €	
Subv. Deputación de Lugo	6.000,00 €	
Subv. Concello Vilagarcía	6.000,00 €	
Subv. Deputación Coruña	495.385,74 €	
Subv. Concellería Vivenda e Solo-Xunta de Galicia - Nicaragua, Cuba, Uruguay e Palestina	69.610,00 €	
Subv. Dirección Xeral de Cooperación- Xunta de Galicia- Sensibilización	30.000,00 €	
Subv. Deputación da Coruña	90.912,00 €	
Subv. Dirección Xeral de Cooperación- Xunta de Galicia- Proxectos ( Cuba 07-09)	117.000,00 €	
Subv. Dirección Xeral de Cooperación- Xunta de Galicia- Proxectos ( Cuba 07-09)		7.387,89 €
Donacións e Legados afectos a actividade propia do FONDO (726)	4.647,22 €	
Aportacións de particulares a Emerxencias	2.740,67 €	
Compensación de gastos de desprazamentos		27.782,00 €
Ingreso por reintegro de axudas e asignacións (728)	2.300,00 €	
Proxecto 2/2007 - Bicis pola Paz	25.482,00 €	
Proxecto 6/2007 - APROCSAL		447,42 €
Ingresos financeiros (769)	447,42 €	
Intereses Ctas. Bancarias		1.887,52 €
Ingresos extraordinarios (778)	1.887,52 €	
Ingresos extraordinarios - Cotas extraordinarias		
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>1.107.356,83 €</b>
	<b>Saldo positivo do exercicio 2.008</b>	<b>84.220,78 €</b>

(\*) Cálculo das cotas dos socios que non están realmente ingresadas na súa totalidade



# Axxenda 2008

## | Decembro

- 26/12/2008 En Santiago. Reunión entre a Consellería de Vivenda e Solo, e o Fondo Galego
- 16/12/2008 En Santiago. Reunión entre Intered e o Fondo Galego
- 12/12/2008 En Santiago. Reunión entre a Dirección Xeral de Cooperación Exterior e o Fondo Galego
- 12/12/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego
- 10/12/2008 En Madrid. Reunión do programa MUNICIPIA
- 05/12/2008 En Barcelona. Reunión Técnica da Confederación de Fondos
- 01/12/2008 En Cambados. Inauguración da Exposición sobre o 60 aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
- 01/12/2008 En Lugo. Curso de Cooperación Internacional e Educación para o Desenvolvemento
- 01/12/2008 En Lugo. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria

## | Novembro

- 28/11/2008 En Betanzos. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria
- 28/11/2008 En Ferrol. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria
- 26/11/2008 En Perú. Misión do Fondo Galego, entre o 26 de novembro e o 4 de decembro
- 24/11/2008 En Santiago. Constitución da Comisión de Cidades e Deputacións
- 21/11/2008 En Boiro. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria
- 20/11/2008 En Vigo. A Cooperación Municipal Galega en Nicaragua: “Achegando a formación profesional ao rural nicaraguano”. Charla a cargo de responsables de INPRHU-SOMOTO
- 19/11/2008 En Poio. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria
- 19/11/2008 En Mozambique. Misión do Fondo Galego, entre o 19 de novembro e o 1 de decembro
- 17/11/2008 En Allariz. Curso de Cooperación Internacional e Educación para o Desenvolvemento
- 17/11/2008 En Mos. Xuntanza



da Rede Municipalista Solidaria

- 17/11/2008 En Allariz. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria
- 14/11/2008 En Galicia. Visita dunha misión de Nicaragua, entre o 14 e o 23 de novembro
- 11/11/2008 En Barcelona. Xuntanza técnica da Confederación de Fondos
- 10/11/2008 En Santiago. Sinatura de convenios entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Fondo Galego
- 10/11/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego
- 03/11/2008 En Santiago. Curso de formación en Cooperación Internacional e Educación para o Desenvolvemento

## | Outubro

- 21/10/2008 En Vigo. Curso de formación en Cooperación Internacional e Educación para o Desenvolvemento
- 17/10/2008 En Oleiros. Seminario internacional “O turismo como factor de cooperación en Timor Leste”, coa participación de Alfredo Novoa, presidente do Fondo Galego
- 15/10/2008 En Illa de Arousa. Curso de Acuicultura e Cooperación para o Desenvolvemento, coa participación de Rosa Villaronga, responsable da área de proxectos do Fondo Galego
- 13/10/2008 En Santiago. Visita institucional de Manuel Ribeiro, presidente da Cámara Municipal de Maio (Cabo Verde)
- 10/10/2008 En Santiago. Reafirmación do compromiso da Declaración institucional do Fondo Galego, co gallo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o 17 de outubro
- 10/10/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego
- 07/10/2008 En Madrid. Comité de Seguimento da Avaliación sobre Cooperación Municipal e Irmanamento
- 06/10/2008 En Vigo. Sinatura de Convenio entre o Concello de Vigo e o Fondo Galego
- 24/09/2008 En Culleredo. Sinatura de convenio entre a Concellería de Mocidade



e Voluntariado do Concello de Culleredo e o Fondo Galego  
 24/09/2008 En Ourense. Reunión entre a Deputación e o Fondo Galego  
 24/09/2008 En Baiona. Reunión entre Amarante e o Fondo Galego  
 22/09/2008 En Baiona. Apertura da conta de emerxencia para axudar á reconstrución de Cuba tras o paso dos furacáns Gustav e Ike  
 19/09/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego  
 19/09/2008 En Santiago. Reunión entre a Consellería de Vivenda e o Fondo Galego  
 16/09/2008 En Santiago. Reunión entre a Dirección Xeral de Cooperación Exterior e o Fondo Galego  
 05/09/2008 En Palmela (Portugal). A cooperación coa lusofonía (no marco das Festa das Vendimas 08), entre o 5 e o 6 de setembro

### | **Agosto**

30/08/2008 En Ferrol. Feira sobre Cooperación Internacional, entre o 30 e o 31 de agosto  
 03/08/2008 En Nicaragua. Misión do Fondo Galego, entre o 3 e o 17 de agosto

### | **Xullo**

10/07/2008 En Santiago. Curso de verán da USC sobre: “A loita contra a pobreza na sociedade internacional actual: os desafíos da cooperación para o desenvolvemento”, coa participación de Begoña Castro, da secretaría técnica do Fondo Galego  
 09/07/2008 En Baiona. Doazón do Fondo Galego a China, polo terremoto de Sichuan  
 04/07/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego

### | **Xuño**

27/06/2008 En Caldas de Reis. Exposicións “O Fondo Galego, Dez Anos con Proxectos” e “A Paz Cuestión de Fondo”, no Festival Cultura Quente, entre o 27 de xuño e o 15 de xullo  
 20/06/2008 En Lugo. Reunión entre a Deputación de Lugo e o Fondo Galego  
 20/06/2008 En Lugo. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria  
 15/06/2008 En Brión. Encontro sobre Cooperación Local organizado pola coordinadora de ONGDs.  
 13/06/2008 En Caldas de Reis. Xuntanza da Rede

Municipalista Solidaria  
 12/06/2008 En Narón. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria  
 12/06/2008 En Baiona. Visita de Pedro Miguel Rodrigues, responsable da Divisão das Relações Internacionais e da Cooperação Económica da Câmara Municipal da Maia (Portugal)  
 10/06/2008 En Santiago. Reunión entre a Dirección Xeral de Cooperación Exterior e o Fondo Galego  
 10/06/2008 En Santiago. Reunión entre a EGAP e o Fondo Galego  
 06/06/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego  
 06/06/2008 En Santiago. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria  
 04/06/2008 En A Coruña. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria  
 03/06/2008 En Santiago. Encontro entre UNRWA e Xunta de Galicia (Consellería de Vivenda e Solo)  
 02/06/2008 En Radio Galega. Entrevista a Begoña Castro, responsable da Área de Sensibilización do Fondo Galego, acerca do programa “Vacacións con Traballo”, no programa “Un Día por Diante”

### | **Maio**

30/05/2008 En Ourense. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria  
 29/05/2008 En Vigo. Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria  
 26/05/2008 En Baiona. Apertura do prazo de inscrición para o programa “Vacacións con Traballo”, entre o 26 de maio e o 16 de xuño Tres experiencias  
 22/05/2008 En Donostia. Asemblea xeral da Confederación de Fondos  
 15/05/2008 En Salceda de Caselas. Exposición “O Fondo Galego, Dez Anos con Proxectos”, festexando a adhesión deste Concello ao Fondo, entre o 15 e o 30 de maio  
 13/05/2008 En Barcelona. Reunión Técnica da Confederación de Fondos  
 09/05/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego  
 05/05/2008 En Vilagarcía de Arousa. Reunión entre a Concellería de Servizos Sociais e o Fondo Galego  
 05/05/2008 En Santiago. Reunión entre o Concello de Culleredo e o Fondo Galego



01/05/2008 En Corcubión. Exposición “Os Obxectivos do Milenio”, nas celebracións do I Festival Maio Solidario, entre o 1 e o 15 de maio

## | **Abril**

29/04/2008 En A Coruña. Charla de Virginia Romero, da Secretaría do Fondo Galego, na Facultade de Enxeñería da Universidade de A Coruña

23/04/2008 En Baiona. Reunión da Secretaría Técnica do Fondo Galego con Implicad@s no Desenvolvemento

21/04/2008 En Cangas. Exposición “O Fondo Galego, Dez Anos con Proxectos”, con motivo das súas Xornadas Interculturais, entre o 21 de abril e o 18 de maio

17/04/2008 En Barcelona. Encontro de Boas Prácticas (Confederación de Fondos)

11/04/2008 En Santiago. Encontro entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Fondo Galego

10/04/2008 En Santiago. Reunión entre a Dirección Xeral de Cooperación Exterior e o Fondo Galego

10/04/2008 En Oleiros. Mesa redonda no seminario “Retos e Desafíos da Cooperación Internacional na Conservación da Biodiversidade”, coa participación de Alfredo Novoa, presidente do Fondo Galego

09/04/2008 En Ferrol. Congreso sobre Cooperación ao Desenvolvemento e Antropoloxía, charla a cargo de Alfredo Novoa, presidente do Fondo Galego

02/04/2008 En Vigo. Reunión entre a Escola Superior de Arte Dramática de Vigo e o Fondo Galego

## | **Marzo**

28/03/2008 En Santiago. Presentación do Foro 2010

28/03/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego

25/03/2008 En A Coruña. Exposición “O Fondo Galego, Dez Anos con Proxectos”, con motivo da celebración dos dez anos da entrada do Concello de A Coruña no Fondo Galego, entre o 25 de marzo e o 11 de abril

28/03/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego

20/03/2008 En Carballo. Festival Multicultural Panxea. Inauguración da exposición “Fondo Galego. Dez Anos con Proxectos”

13/03/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego

07/03/2008 En Sanxenxo. Exposición “Os Obxectivos

do Milenio”, con motivo do Día da Muller, entre o 7 e o 15 de marzo

05/03/2008 En O Rosal. Exposición “O Fondo Galego, Dez Anos con Proxectos”, con motivo da celebración do Día da Muller, entre o 5 e o 17 de marzo

04/03/2008 En Santiago. Reunión entre a Coordinadora Galega do ONGD's e o Fondo Galego

## | **Febreiro**

29/02/2008 En Santiago. Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento

29/02/2008 En Santiago. Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento

20/02/2008 En As Pontes. Exposición “O Fondo Galego, Dez Anos con Proxectos”, entre o 20 de febreiro e o 13 de marzo

18/02/2008 En Vigo. Exposición “O Fondo Galego, Dez Anos con Proxectos”, entre o 18 de febreiro e o 3 de marzo

15/02/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego

06/02/2008 En Madrid. Comisión Interterritorial de Cooperación al Desarrollo

## | **Xaneiro**

28/01/2008 En Moaña. Exposición “O Fondo Galego, Dez Anos con Proxectos”, con motivo do Día Escolar da Non-Violencia e a Paz, entre o 28 de xaneiro e o 17 de febreiro Dez anos

21/01/2008 En Nigrán. Exposicións “A Paz Cuestión de Fondo” e “O Fondo Galego, Dez Anos con Proxectos”, con motivo do Día Escolar da Non-Violencia e a Paz, entre o 21 e o 31 de xaneiro

12/01/2008 En Santiago. Visita a Galicia de Omar López, arquitecto, director da Oficina do Conservador da Cidade de Santiago de Cuba, entre o 12 e o 16 de xaneiro

11/01/2008 En Santiago. Comisión Executiva do Fondo Galego

08/01/2008 En Barcelona. Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade

08/01/2008 En Pazos de Borbén. Exposición “A Paz Cuestión de Fondo”, con motivo do Día Escolar da Non-Violencia e a Paz

17/12/2007 En Vilagarcía de Arousa. Exposición “O Fondo Galego, Dez Anos con Proxectos”, entre o 17 de decembro e o 3 de xaneiro

# Oportunidades nuevas

## | *Confederación de Fondos*

O Fondo Galego, xunto aos outros Fondos existentes en España, forma parte da Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade, entidade que concreta un marco de coordinación e representación. A Confederación contribúe a impulsar a cooperación descentralizada; serve de interlocutor ante as institucións estatais, europeas e mundiais que teñen preocupacións comúns; coordina criterios de análise, avaliación, control e seguimento de proxectos; e promove outras iniciativas de alcance.

Durante o ano 2008 realizáronse dúas reunións técnicas da Confederación de Fondos, así como unha Asemblea Xeral, que tivo lugar o 22 de maio. Nesta Asemblea Xeral, en Donostia, entre outros temas, aprobouse a proposta do Plan de Traballo para o 2008, que incluía a celebración dunhas xornadas sobre cooperación descentralizada, que se organizaron, en outubro, en Valencia.

## | *Encontro de Cooperación Local*

Durante o ano 2008, o Fondo Galego participou en diferentes eventos xunto con outras organizacións. Así, o 13 e 14 de xuño tivo lugar, en Brión, o “Encontro de Cooperación Local”, organizado da man da Coordinadora Galega de ONGD. Con este encontro buscábanse asentar as bases para un traballo conxunto entre a administración local e as ONGDs, amais de axudar a ampliar os coñecementos dos entes locais entre os instrumentos de cooperación ao desenvolvemento, para así conseguir unha maior implicación e achegar a realidade da cooperación á realidade municipalista. No encontro participaron persoas pertencentes á administración local galega, con representación dos catro partidos políticos maioritarios de Galicia; así como membros de ONGDs con experiencia de traballo con concellos, expertos en cooperación descentralizada e medios de comunicación. Entre todos eles debateuse sobre as estratexias dos diferentes partidos políticos na cooperación local, o papel dos Fondos de Cooperación e das ONGDs, e sobre o comercio xusto no eido local, entre outros temas.

## | *Visita do presidente da Cámara Municipal de Maio (Cabo Verde)*

O 13 de outubro, o presidente da Cámara Municipal de Maio, Cabo Verde, Manuel Ribeiro, e dous representantes técnicos da Cámara Municipal de Loures, Portugal, Marlene Valente e Pedro Mendes, amais dunha representante da Coordinadora de Proxectos do Instituto Marqués de Val Flor, Herminia Basto, visitaron o Fondo Galego. Durante a súa estada avaliáronse os proxectos executados no municipio e estudouse a posibilidade de ampliar os vínculos de cooperación entre as tres entidades. Na visita, Manuel Ribeiro expresou o seu agradecemento e satisfacción polos traballos desenvolvidos polo Fondo Galego, principalmente polo proxecto “Reforzamento do abastecemento de auga na Illa de Maio”, que supuxo a primeira planta desalinizadora do rural caboverdiano e que prevé de auga ao 25% da poboación da illa.

## | *60 aniversario dos Dereitos Humanos*


Co galo do 60 aniversario da proclamación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, o Fondo Galego colaborou, xunto coa ANUE (Asociación para as Nacións Unidas en España), na elaboración dunha exposición que contou co apoio económico da Sociedade Galega de Desenvolvemento Comarcal. O obxectivo máis inmediato da exhibición, que une debuxos e textos, é o de dar continuidade á lectura de dita declaración, para facela visible ao maior número de persoas; é dicir, lembrar a necesidade de conseguir que todos os seres humanos vivan en liberdade e igualdade de dereitos. O Fondo Galego, en colaboración con Comarcas de Galicia, puxo en marcha esta exhibición en Cambados, o 21 de decembro e terá continuidade durante todo o ano 2009.



# A DECLARACIÓN UNIVERSAL DE DEREITOS HUMANOS: UN DOCUMENTO MÁIS VIVO E NECESARIO CA NUNCA

Desgraciadamente, os obxectivos xerais ata hoxe: paz, seguridade, desarme; desenvolvemento humano e erradicación da pobreza; protección da nosa contorna común; dereitos humanos, democracia e bo goberno; protección das persoas vulnerables; satisfacción das necesidades especiais de África e fortalecemento das Nacións Unidas, foron precariamente cumpridos nuns casos e noutros mesmo houbo retrocesos.

POR ISO, A DECLARACIÓN UNIVERSAL DE DEREITOS HUMANOS CONTINÚA SENDO A UTOPIÁ POLA QUE DEBEMOS TRABALLAR TODAS E CADA UNHA DAS PERSOAS QUE HABITAMOS O PLANETA TERRA.



Asemblea Xeral da Confederación de Fondos, celebrada o 6 de marzo na Deputación de Sevilla



Visita institucional do presidente da Cámara Municipal de Maio, Manuel Ribeiro



Plafón da exposición sobre os “Dereitos Humanos”



**Concellos:** A Cañiza, A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Abegondo, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Bueu, Burela, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Cangas, Carballo, Carnota, Carral, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castroverde, Cedeira, Corcubión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbría, Entrimo, Fene, Ferrol, Gomesende, Gondomar, Guitiriz, Lalín, Laxe, Lousame, Lugo, Manzaneda, Melide, Moaña, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Moraña, Mos, Mugardos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco de Valdeorras, O Irixo, O Porriño, O Rosal, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribadavia, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Samos, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, Sarria, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Vereá, Verín, Vigo, Vilagarcía, Vilar de Santos, Vilardevós, Viveiro, Xove.

**Deputacións:** A Coruña, Lugo, Pontevedra, Ourense.



**fondo  
galego**  
de cooperación  
e solidariedade

Coa colaboración de



Financiado por

